

«A esperanza é a novela que existe despois do fin da novela»

ONDE O SOL NON ADORMECE

Antón Cortizas

Xerais Fóra de Xogo (1365071)

264 páxinas

ISBN: 84-9782-054-1

Onde o Sol non adormece

Antón Cortizas

XERPAIS



Días antes da súa entrada na Universidade, Pedro escribe as lembranzas da súa vida con Xulia, a súa amiga dende o berce. A ausencia de Xulia, que daquela viaxa a Estocolmo para ser operada dunha lesión conxénita e así recobrar a vista, e a presenza dunha vella caixiña de cedro, un obxecto máxico e misterioso, desencadea no mozo unha esculca apaixonada do horizonte, das paisaxes e dos soños que ambos os dous compartiron. Dúas vidas condensadas en catorce días que permiten comprender que cando se vive amando, un minuto pode durar unha eternidade. Unha novela de amor que densifica as ansias de dúas persoas que se amaron nunha paisaxe onde o horizonte se chama esperanza. Unha novela de intriga que esculca os límites entre a fantasía e a realidade, entre a luz e a escuridade.

«A esperanza é o osíxeno dos desexos. A esperanza é o sorriso da saudade. Que somos os galegos sen saudade? Que somos os seres humanos sen esperanza? Se non hai esperanza (...), ¿de que serve vivir?»

As palabras do autor

«Desexei contar unha historia de amor entre dous mozos que se complementan un ao outro.»

«A amizade entre os dous personaxes fai que os desexos dun sexan os desexos do outro. El, Pedro, ve; ela, Xulia, non. Pero o horizonte está aí e é real, aínda que... ¿hai algo máis irreal có horizonte?»

«Xulia ve polos ollos de Pedro. Mais Xulia ten algo máis que Pedro non controla, ela percibe cousas que el é incapaz de percibir.»

«A miña intención nesta historia foi a mesma ca nas outras que levo escrito: contar cousas fermosas de forma linda. Non sei se o conseguín, pero esa é a finalidade da miña escritura.»

«Na narración manexas palabras, recursos estilísticos, ideas, coñecementos, desexos de dicir e contar, fantasías, realidades, misterios, cousas obvias... Se consegues harmonía con todo iso, estás a facer literatura, senón estás simplemente escribindo.»

«A emoción haina que pór en cada frase, a poder ser, os escritos teñen que estar impregnados de personalidade, real ou imaxinaria (máis ben unha mestura de ambas as dúas cousas), para que a obra teña nomes e apelidos.»